



INFORMACIÓN

Departamento e Deportes do Concello: 981 613186
deportes@cambre.org

Gabinete de Deportes da Deputación: 981 080319

INSCRICIÓN “CAMPAMENTO DEPORTIVO 2024”

A Deputación da Coruña, outro ano máis, realiza o Campamento Deportivo 2022 nas instalacións do IES Rosalía Mera, no Concello de A Coruña (Rúa Archer Milton Huntington, 24), dirixido a rapaces nados entre o **1 de xaneiro de 2010 e 31 de decembro de 2015 e empadroados no Concello de Cambre.**

Ao noso concello correspóndenlle 12 prazas para a 4ª quenda: **do 14 de xullo ao 19 de xullo.** Todas as actividades incluídas no programa son gratuítas, agás a **cota de inscrición, que será de 85 €**, e que deberán ingresar nunha conta da Deputación. O transporte non está incluído; irá por conta dos/as nenos/as adxudicatarios das prazas.

As inscricións só se poderán entregar nos rexistros municipais do concello e a través da sede electrónica. Haberá que entregar a **ficha de inscrición xunto coa copia do DNI e tarxeta sanitaria.**

O prazo de presentación será do 2 ao 28 de maio, ambos os dous incluídos.

No caso de recibir máis solicitudes que as prazas que temos concedias, faremos un **sorteo público o día 31 de maio ás 10.00 horas** no Salón de Plenos do concello **tendo preferencia os rapaces que non participasen no campamento deportivo da Deputación en edicións anteriores**, e avisarase por teléfono aos admitidos para indicarlles a documentación que deben presentar para confirmar a súa praza.

As solicitudes que non cumpran os requisitos, serán anuladas do sorteo automaticamente.

Reciba un cordial saúdo.

Na data da sinatura electrónica

David López Saborido
Concelleiro de Cultura, Deportes e Xuventude